


Papagaio: foto e verso

XOGO: imprimir, recortar, plastificar e propor ao alumnado que emparelle versos e fotos.

A imaxe de Luís Villalta é ilustración de Ana Pillado.




Os anos cincuenta daquel século:
unha porta verde na cronoloxía repintada,
unha vez tras outra, da esperanza.



A destrucción sempre estivo en marcha
desde a mesma orixe da treboda inicial
que nada deixa reter nas mans
por máis que fagan, que constrúan
que acumulen.



A freira e máis os cravos que a rabuñan
detéñense de pronto na xanela do convento
á meia luz do día partida polos votos da clausura.
Fóra, o desprendemento:




Que clase de espello nos perfora a alma?


Soneando nos sofás as meio mortas

entresoñan o que lles falta para morrer

e entrar na vida eterna do televisor



Hedra de min que me sosteño,
mañá despertarei nunha casa diferente
agarrada á mesma e única parede que coñezo.



Compartir a corda de tender a roupa
vibrantes de emoción e de necesidade
por aquelas cousas que a auga da vida
non dá lavado, pola dor que as esfrega